



A VISIÓN DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

ALFONSO HERMIDA

Xornalista da TVGA

Partimos dunha premisa irrefutable: os dereitos do menor están por riba de calqueira outro dereito, mesmo o da liberdade de expresión ou o dereito da información, e sobre todo se estes dous últimos dereitos se levan a cabo de xeito inconsciente e irresponsable.

Os menores como protagonistas dunha noticia están sometidos a unha serie de atencións, que non sempre se respectan nos medios de comunicación.

Teñen dereito á honra, á intimidade familiar e persoal e á propia imaxe. Mesmo aínda contando co consentimento do menor ou dos seus representantes legais, calquera uso da súa imaxe que poida implicar menoscabo da súa honra e reputación pode ser considerada unha intromisión ílexítima. Os xornalistas estamos obrigados, polo tanto, a omitir a identidade do menor e tamén a que non se lle recoñeza fisicamente, e, doeme recoñecelo, as normas básicas transgrédense na maior parte dos casos pola presa coa que nós mesmos nos vemos obriga-

dos a traballar para anticiparnos á competencia e dar primeiro a noticia. E o que é peor, algunhas cadeas de televisión están dispostas a seguir transgredindo esas normas, porque as sancións que lles impoñen son minucia se as comparamos cos centos de miles de euros que poden gañar en concepto de publicidade cando a audiencia acompaña certo tipo de noticias.

Unha das novas que podíamos ler hai uns meses nos xornais e ver nos informativos da televisión daba conta da morte do terceiro criminal nazi máis perseguido pola xustiza. Cal non sería a nosa sorpresa cando consultamos os xornais dixitais alemáns para buscar unha imaxe de Samuel Kunz e atopamos fotos de costas ou coa cara borrada ou pixelada. A explicación é que este home nunca foi xulgado, malia estar acusado do asasinato de 430.000 xudeus durante o holocausto. Pois ben, esta consideración que se tivo con este individuo non é doado atopala na totalidade de casos que afectan a menores infractores.

Hai un caso que é o paradigma dos límites que moitos medios de comunicación non dubidan en saltar para conseguir unha décima máis de audiencia ou vender 1.000 xornais máis. Refírome ao caso da desaparición de Marta del Castillo. Non deixa de sorprendere a entrevista que lle realizaron a Rocío, unha nena de só 14 anos, á que a súa propia nai acompañou ao plató dunha cadea de televisión na que foi entrevistada para desmontar a coartada do principal sospeitoso e mozo da tal Rocío. Este feito tennos que facer pensar se se está actuando ben, xa non só por parte dos medios de comunicación, senón por parte tamén dunha familia que, en lugar de protexer á menor, a exhibe públicamente a cambio, seguramente, de pingües beneficios.

Moitos medios entraron xa hai tempo nunha dinámica realmente preocupante. Son moitos os menores infractores dos que se coñecen todo tipo de datos, desde o seu nome ata a súa propia imaxe. Quen non coñece a “El Rafita”, un rapaz que con 14 anos participou na violación e no asasinato de Sandra Palo e que segue empeñado en deixar en mal lugar ao sistema de reinserción coas súas continuas recaídas no comportamento delituoso; quen non lembra a José Rabadán, máis coñecido como “o asasino da katana”, arma coa que matou a seus pais e a súa irmá; e quen non sabe quen é “El Cuco”, implicado na morte de Marta del Castillo, ou por citar un rapaz que nos toca máis de preto: Rodrigo Barrio, un mozo detido en Ourense como sospeitoso da morte dos seus pais e o seu irmán en Burgos. Todos e cada un deles foron sometidos á exposición pública nos medios de comunicación. A todos e a cada un deles lles podemos poñer cara e identificalos sen problema. Poderíamos citar máis e mesmo remontarnos aos anos 80 nos que o símbolo do delincente adolescente recoñecido por todos foi o famoso “El Vaquilla”, que mesmo chegou a ser a personaxe principal de tres películas, varios temas musicais e mesmo unha biografía.

Cada vez que sucede un feito destas características, ábrese o debate nos propios medios de comunicación sobre o endurecemento da Lei do Menor. A indignación social e a solidariedade coas vítimas, transmitidas tamén polos medios cando a sensibilidade está aínda a flor de pel, parece que se canalizan a través do desexo dun endurecemento da lei, como se esa fose a panacea para arreglar o problema. Ademais, tratar temas tan espíñosos en programas que non son os máis axeitados e que buscan máis o espectáculo có rigor informativo, xenera un problema social de coste incalculable, non só para os menores infractores, senón tamén para as propias vítimas, que se ven expostas públicamente como parte do circo.

Pero a responsabilidade dos medios non remata no escrupuloso respecto á lei e ao cumprimento da obriga de ter que respectar a imaxe e a identidade do menor. A outra responsabilidade dos medios afecta directamente á formación e ao desenvolvemento dos cativos.

Os menores como destinatarios das mensaxes difundidas polos medios son, sen dúbida, o sector da poboación que debe recibir máis coidado por parte dos medios de comunicación. Hoxe en día, a televisión, en maior medida que a radio e a prensa escrita, é un factor máis na educación do rapaz (ás veces tan importante como a familia ou a escola). Deixamos a un lado conscientemente a internet, un medio moi asentado entre a xente nova (sen dúbida, máis cos medios tradicionais) e que está, na maior parte dos casos, fóra do control absoluto dos adultos.

A reiterada difusión de esceas violentas inflúe na agresividade da persoa. Hai estudos que confirman que o alto índice de violencia na televisión intervén na determinación da conducta. Canto maior sexa o tempo de exposición a programas violentos, maior é o risco de asociación de conductas violentas en nenos e adolescentes.

Como factor protagonista na educación dos rapaces, a televisión ten hoxe en día un peso especial na formación da personalidade do menor. Somos o que aprendemos de cativos e, moitas veces, o que se transmite nos programas de televisión non é nada edificante.

Os nenos españois pasan cada día máis de tres horas diante do televisor, especialmente no horario de tarde-noite. Se escollemos a grella da programación dun día calquera da semana, entre as seis da tarde e as nove da noite, os menores encontrarán nas canles de maior audiencia os seguintes programas:

Na Televisión de Galicia: Cociña para todos, a serie Medicopter e a telenovela Cando sexas miña.

En TVE: A telenovela Mar de amor, España directo e Gente.

En Antena 3: El diario e Karlos Arguiñano en tu cocina

En Telecinco: Sálvame diario e Pasapalabra.

É dicir, non hai programas propiamente infantís en horario de máxima audiencia infantil.

A partir das nove da noite chegan os informativos, coa súa avalancha de imaxes de extrema violencia, sufrimentos, e cos diarios cruces de declaracións e/ou insultos entre os políticos. Pero tamén coa difusión da imaxe dos menores vítimas ou infractores, que en moitas ocasións vulneran dereitos fundamentais das persoas e axudan a propagar a banalización da violencia.

Non creo que, neste momento, os medios de comunicación tradicionais sexan conscientes da importancia que teñen no proceso de formación dunha persoa. Os programas de televisión, desde os informativos ata os divulgativos, pasando polos reality ou os programas

sensacionalistas, agora tan de moda, non están preparados para os menores que os podan seguir. Hoxe en día, a calquera hora, en calquera momento, sen ningún tipo de fiscalización nin restrición, un menor pode coller o mando da televisión e sintonizar calquera programa. Os estudos din que catro de cada dez menores teñen un televisor no seu cuarto, e son eles mesmos quen controlan qué ver en cada momento. A metade ve a tele a soas. Por iso a responsabilidade dos medios é grande, pero máis o é das familias ou os titores que non saben qué fan os seus fillos no infranqueable santuario da súa habitación.

Ata onde chega a responsabilidade dun xornalista, que fai información por e para adultos cando son os menores os donos absolutos do mando? Evidentemente, os profesionais da información non se deben sentir responsables principais do que os menores escoiten, lean ou miren, agás nos casos de que os programas se emitan no horario protexido para a infancia. Sí é verdade que os xornalistas deben aplicarse con esmero para evitar regodearse na dor allea, no morbo ou no detalle escabroso gratuito, pero esta esixencia debe ser unha norma, sexa quen sexa e da idade que sexa o receptor da mensaxe.

Nos nosos días, a televisión non é un bo exemplo para os cativos: tertulias a berros onde parece ter razón quen máis levanta a voz, repetición ata a saciedade de imaxes violentas que fan inmunes á dor allea aos propios adultos, proliferación de modelos de triunfadores sen grandes méritos nin esforzos. En definitiva, programas que mesturan valores positivos e negativos, que poden chegar a confundir o espectador novo e dificultar a súa percepción de cales son os límites e ata onde pode chegar para destacar sobre os demais.

Con exemplos así, non nos sorprende que un neno grabe co seu teléfono móbil a pelexa de dous compañeiros no recreo ou a agresión e os insultos de varios rapaces ao seu pro-

fesor. Hai escasamente un ano, un equipo da Televisión de Galicia viaxou ata Boiro para ocuparse da malleira que recibiu un neno por parte dos seus compañeiros. Cando chegamos ao centro do pobo, fomos literalmente asaltados por media ducia de rapaces que nos pediron cartos a cambio de cedernos as imaxes da pelexa que se encargaran de gravar nos seus teléfonos móbiles de última xeración. Ao non acceder ás pretensións, moitos deles non dubidaron en colgar as imaxes na internet.

Todo iso é unha parte da televisión que poden ver os nosos pequenos con só accionar o mando. Quen lle explica qué está ben e qué está mal? Quen lle di que todo iso non é o normal? Como se contrarrestan os efectos perniciosos dos malos exemplos?

Evidentemente, hai que denunciar tamén a pasividade ou resignación dos telespectadores, que moitas veces se conforman con programas de escasa calidade, ben por comodidade ou ben por ausencia de alternativa. E tamén, porque non dicilo, porque somos así, e hai miles de telespectadores que prefiren ver a televisión frívola, superficial e insustancial que encontramos todos os días a calquera hora.

Creo que tamén é criticable a actitude dos pais, que se deberían implicar máis, por exemplo, a través das asociacións de telespectadores e esixir que se eleve o nivel e a calidade dos produtos televisivos, especialmente os que emiten en horarios nos que un menor pode es-

tar mirando a televisión. O control dos cidadáns sobre as institucións públicas non debería ser excepcional nunha sociedade moderna e democrática como é a española.

Finalmente, as cadeas de televisión deben instalarse dunha vez por todas na promoción da calidade máis que da cantidade. Os medios deben axudar a previr o fenómeno da delincuencia xuvenil co fomento dos valores positivos da mocidade. Moitas veces se transmite unha visión única e negativa da xente nova, e esa visión chega á cidadanía adulta, que reclama contundencia para acabar co botellón, por exemplo, cando a maior parte da mocidade non participa desta práctica. Din os expertos que a violencia nos medios de comunicación e na sociedade así como o ambiente hiperconsumista no que vivimos, xeneran adolescentes con ausencia de culpa, sen conciencia e reacios aos tratamentos. Non teñen porque ser necesariamente menores delinquentes, pero sí son menores problemáticos, que poden chegar a ser violentos cos seus pais e o seu entorno e que, evidentemente, poden chegar a ser un problema serio se non se sabe atallar a tempo.

Ademais, os medios están obrigados tamén a restrinxir ou eliminar do horario protexido a difusión de esceas violentas, de banalización do sexo ou de consumo de drogas. A saúde mental de todos, especialmente dos nosos pequenos ou adolescentes, sairá beneficiada e poderemos contribuir así a conseguir unha sociedade mellor e menos conflitiva.